

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DO PORRIÑO**

*ANUNCIO de cobertura por interinidade dunha praza de auxiliar admsintrativo.*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOPPO), núm. 246, do 27 de decembro de 2016, procedeuse á publicación das bases que rexerán a convocatoria pública para a urxente cobertura en réxime de interinidade, dunha praza vacante de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre, ao teor do artigo 10.1.a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBE), e do artigo 23.2.a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA). A dita praza do cadro de persoal do orzamento de 2012, prorrogado para o ano 2016, está encadrada dentro do persoal funcionario de carreira, escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, que quedou vacante por xubilación da titular, con posterioridade á aprobación da última oferta de emprego público.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 29 de decembro de 2016

Eva García de la Torre  
Alcaldesa

